



# BOP

LUNS, 21 DE OUTUBRO DE 2019

N.º241

## DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### ELECCIÓN A CORTES XERAIS 2019

#### XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE A FONSGRADA

##### Anuncio

D FRANCISCO JAVIER MELEIRO VAZQUEZ, Secretaria da Xunta Electoral de Zona de A Fonsagrada (Lugo)

##### CERTIFICO:

Que a Xunta Electoral de Zona de A Fonsagrada (Lugo), con motivo das eleccións xerais convocadas por lo REAL DECRETO 551/2019 de 24 de setembro (BOE DE 24 DE SETEMBRO DE 2019) e que terán lugar el próximo día 10 de NOVIEMBRE de 2019:

##### ACORDO

Fonsagrada, 15 de outubro de 2019.

En cumprimento de acordo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recibido no día de hoxe nesta Xunta Electoral de Zona de Fonsagrada, toma posesión do cargo de Presidente da Xunta Electoral de Zona de Fonsagrada **doña Cristina Bustabad Pérez en sustitución de Eladio Prieto Bellas**.

Remítase comunicación ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a súa publicación.

E para que así conste e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art. 14. 3 ° da LOREX, expido e asino a presente certificación, en A Fonsagrada (Lugo), a 15 de outubro de 2019.- **O SECRETARIO DA XUNTA ELECTORAL**.

R. 3108

### CONCELLOS

LOURENZÁ

##### Anuncio

##### EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA ( (P.A.I.) correspondente o mes de OUTUBRO de 2019 por importe de MIL SETECENTOS DAZANOVE CON CORENTA E OITO EUROS (1.719,48€).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

##### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 9 de outubro de 2019.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 3099

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 04 de outubro de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Setembro de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil setecentos cincuenta e tres euros con dezá nove céntimos de euro ( 3.753,19 €) , dos que tres mil cen euros con sesenta e nove céntimos de euro ( 3.100,69 €) correspondente a dependencia , e seiscentos cincuenta e dous euros con cincuenta céntimos de euro ( 652,50€) son de libre concorrència.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 4 de outubro de 2019.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 3100

### *Anuncio*

#### **DECRETO NÚMERO 19008673 DO 15/10/2019**

**Ima.Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto número 1900863 do 7/02/19, se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de SARXENTO BOMBEIRO, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo nº 5/5 do 2 de xaneiro de 2019 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas vacantes.

O antedito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo", núm. 54, de 6 de marzo de 2019, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 124, de 2 de xullo de 2019.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 187, de 6 de agosto de 2019.

Visto que polo Decreto 19007928 do 18/09/2019 se resolveu aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19000863, do 7 de febreiro de 2019, para o acceso en propiedade a unha praza de SARXENTO BOMBEIRO, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016).

Visto que con data do 8 de outubro de 2019 rematou o prazo de presentación de emendas, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 1-07-2019 e modificado polo Decreto número 19005695, ditado o 3/07/2019 **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19000863, do 7 de febreiro de 2019, para o acceso en propiedade a unha praza de SARXENTO BOMBEIRO, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo nº 5/5 do 2 de xaneiro de 2019 así como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas vacantes.

#### ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
Castro Figueiras, Luis M.	***787Z
López Palacios, Miguel	***848J

#### EXCLUÍDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO
LORENZANA BARGUEIRAS, SERGIO	***304N	Non ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade (base 4º.b)

**Segundo.-** Fixar a data, hora e lugar de celebración das reunións do tribunal cualificador do seguinte xeito:

- Constitución do Tribunal e baremación da fase de concurso: o martes 22 de outubro de 2019, ás 10 horas, na Sala de Xuntas do Edificio de Novas Tecnoloxías, sito na Praza Anxo Fernández Gómez, 4.

- Realización do primeiro exercicio: o xoves 24 de outubro de 2019, ás 11 horas, na Sala de Xuntas do Edificio de Novas Tecnoloxías, sito na Praza Anxo Fernández Gómez, 4.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

**Terceiro.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 15 de outubro de 2019.

R. 3107

#### Anuncio

A Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, en virtude de delegación por acordo 28/452 da Xunta de Goberno Local, do 17 de xullo de 2019, ditou o Decreto número 19008752, do 16 de outubro, polo que se aproba o padrón correspondente ó exercicio de 2019, do Imposto sobre actividades económicas.

Conforme ó disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, o padrón aprobado queda exposto ó público (no Servizo de Facenda Local, sito no Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, 197 2º andar, en horario de 9:00h a 14:00h), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalo e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

Para a consulta dos datos do padrón se utilizarán preferentemente medios informáticos mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar a condición de obrigado tributario ou o seu representante para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Caracter Persoal.

No caso de non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados na Oficina de Facenda Local (IAE) do Centro de Servizos Municipais, sito na Rd Muralla, 197 2º, de luns a venres, en horario de 9:00 h a 14:00 h, mediante atención personalizada.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Ilma. Tenente de Alcalde-Delegada da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ó da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, 16 de outubro de 2019.- A Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos P.D. da Xunta de Goberno Local (Acordo nº 28/452 da XGL, do 17/07/2019) Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3142

## AS NOGAIS

### Anuncio

Aprobadas inicialmente as modificacións das Ordenanzas municipais reguladoras do Imposto sobre Bens Inmóbles, do Imposto sobre actividades económicas e da Taxa pola realización de determinadas actividades urbanísticas, por Acordo do Pleno de data 7 de outubro de 2019, de conformidade cos artigos 49 y 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local, 56 do Texto Refundido de Réximen Local, sometese a información pública por prazo de 30 días, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* para que poda ser examinada e presentar as reclamacións que estímense oportunas.

Durante dito prazo podrán ser examinadas por calquer interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Asemesmo, o texto das modificacións das Ordenanzas municipais estarán a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios do concello.

No caso que non se presenten reclamacións no citado prazo, entenderanse definitivamente aprobado o Acordo de modificación das mencionadas Ordenanzas.

As Nogais, 14 de outubro de 2019.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3101

## OUTEIRO DE REI

### Anuncio

#### APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA E RELACIÓN DE BENS E DEREITOS A EXPROPIAR

Na sesión celebrada o día 10 de outubro de 2019, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei, acordouse:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico "Conexión peatonal entre urbanización Triaqua y carretera NVI, en San Martín de Guillar", redactado por Susana Copa Villar en outubro de 2019.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente a seguinte relación de bens e dereitos a expropiar:

Relación de bienes a expropiar:

Finca	Núm. ref. catastral	Propietario	Naturaleza del suelo	Superficie expropiada
1	27039A071000820000GU	Desconocido	Rústico	53,83 m2.
2	27039A071000830000GH	Juan Manuel Carro Hurtado	Rústico	1870,23 m2.

3	3988103PH1738N001BL	Manuel Ángel Varela Flores	Urbana	248,24 m2.
4	4086202PH1748N001ZM	José González Picado	Urbana	35,32 m2.
5	4086207PH1648N001BK	Herederos de Domingo Antonio Vilaromay	Urbana	153,93

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, ábrese un prazo de información pública de quince días hábiles, durante os cales calquer persoa poderá acceder ao expediente, e aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros ou opoñerse, por razóns de fondo ou de forma á necesidade de ocupación ou formular alegacións aos efectos de subsanar erros na presente relación.

Outeiro de Rei, 10 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3102

## SAMOS

### Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 03/10/2019, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a SETEMBRO de 2019, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

\*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

\*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 4 de outubro de 2019.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3103

## VIVEIRO

Con data de 11 de outubro do 2019, por Resolución de Alcadia, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

<b>Tributo</b>	<b>Exercicio</b>	<b>Importe</b>
<b>Taxa Entrada Vehículos a Través das Beirarrúas(Vados).....</b>	<b>2019 .....</b>	<b>44.583,43,-€</b>

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra

a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

#### **Anuncios de cobranza :**

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- ❑ O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **23 de outubro** de 2019 ata o **23 de decembro** de 2019, ambos inclusive.
- ❑ Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidades teñen establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 20 de abril de 2019 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.
- ❑ Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciaráse o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 11 de outubro de 2019.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3104

## **ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

### **XULGADO DO SOCIAL N ° 1 LUGO**

#### *Anuncio*

D/D<sup>a</sup> RAFAEL GONZALEZ ALIO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 001 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el **PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000271 /2019** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D/D<sup>a</sup> EVA CABADO PEREZ, MARIA SUSANA CARRAL RODRIGUEZ contra ANTONIO FERNANDEZ SOMOZA sobre ORDINARIO, se ha dictado **SENTENCIA** cuyo **FALLO** es el siguiente:

#### **FALLO**

Que estimando la demanda formulada por D<sup>a</sup> **MARÍA SUSANA CARRAL RODRÍGUEZ** y D<sup>a</sup> **EVA CABADO PÉREZ**, contra la empresa demandada **ANTONIO FERNÁNDEZ SOMOZA**, condeno a la demandada a abonar las siguientes cantidades: A D<sup>a</sup> María Susana Carral Rodríguez la cantidad de 688,00 euros por salarios dejados de percibir, más 10% de interes moratorios, así como la cantidad de 305,76 euros por vacaciones no disfrutadas; y a D<sup>a</sup> Eva Cabado Pérez la cantidad de 368,1 euros por salarios dejados de percibir más el 10% de inter´res moratorio, así como 71,58 euros por vacaciones no disfrutadas.

Notifíquese esta sentencia a las partes y adviértase de que es firme, ya que contra la misma no cabe interponer recurso de SUPPLICACIÓN para ante la SALA DE LO SOCIAL DEL TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA.

Así por esta mi Sentencia, de la que se unirá testimonio literal a los autos originales, lo pronuncio, mando y firmo.”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a **ANTONIO FERNÁNDEZ SOMOZA**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, a ocho de octubre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3105